



XOGOS DOS MEUS AVÓS/AS



Co motivo das Letras Galegas , que terán lugar o vindeiro 17 de maio , dende a área de Educación física, imos recopilar xogos populares que facían os nosos avós/as ou algún familiar, de pequeno. Para elo ides cubrir a ficha sobre algún xogo, seguindo o modelo e practicádeo con seguridade.

➤ **Nome do xogo:**

"O Chavelo"

➤ **Material que se precisa:**

Chapas aplanadas, un pao e unha taboa pequena (dunha caixa de froita de madeira) onde poner as chapas.

➤ **Descrición do xogo:**

Primeiramente debúxase no chan unha liña delimitada por dous paus e outra paralela a aproximadamente un metro de distancia, que será onde tiremos.

A primeira parte do xogo consistirá en tirar a chapa o máis preto posible desa liña.

Cada xogador lanzará unha chapa e o que consiga deixar a súa máis preto da liña será o seguinte en xogar.

Deberase xuntar os dous anacos de madeira (poñendo un enriba doutra como se fóra un bambám) e poner tódalas chapas que aposten os xogadores enriba. De seguido elixirá entre "cara ou cruz" e lanzará as chapas. Tódalas que caian na posición elixida polo xogador/a que tirou serán para el. Se queda algunha tentará conseguilas o xogador/a que deixara a súa chapa o máis preto do anterior. Así sucesivamente, ata que se recollan todas. Os que quedan sen chapas deixan de xogar e o que conseqa tódalas chapas será o gañador.

➤ **Regras:**

Deberase poñer as chapas sobre a táboa cun máximo de tres chapas cada un.

Antes de lanzar escollerase cara ou cruz.




Lanzarase a chapa dando un golpeciño no extremo da taboa suspendida.

Gaña o que teña maior número de chapas.

Onde se practica:

Practicarase nun terreo chaira.

➤ Debuxo do xogo:





U.d. "Xogos dos nosos avós/as"



Nome e apelidos: Data:.....

Completa esta ficha cun xogo popular ou tradicional que practicaran os teus avós/as ou algún familiar de pequeno.

Recorda preguntarlle, prestar atención, escribilo con claridade e sen faltas.

➤ *Nome do xogo:*

.....

➤ *Material que se precisa:*

.....

.....

➤ *Descrición do xogo:*

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

➤ *Regras:*

.....

.....

.....

➤ **Onde se practica?**

.....

.....

.....

.....

➤ **Debuxo do xogo:**